

MINISTERIO DE ECONOMÍA, COMERCIO E EMPRESA, INE.
Grupo de Traballo do INE e Subcomisión do Ministerio

Imos para atrás, como os cangrexos.

Esta semana mantivemos as reunións de subcomisión do INE e do noso ministerio, nelas constatamos o retroceso nas condicións laborais para o persoal do INE, que non parece que vaian a mellorar. As actuacións das persoas que dirixen o noso organismo van dirixidas a mellorar as súas propias condicións e privatizar o resto. Os únicos grupos profesionais con taxa de reposición positiva son os A1 e A2, mentres o persoal laboral desaparece a pasos axigantados a incorporación de C1 de estatística é ridícula. A solución pasa por regalar millóns de Euros a empresas privadas. Algún día daranse conta de que tampouco serán necesarios xestores/as públicos para facer o traballo do INE, despois choraremos...

Doutra banda, o Efecto Teletraballo acabou. Cada vez son máis os organismos con opcións de traballo a distancia e mellores condicións retributivas, isto fai que perdamos máis efectivos que o resto nos procesos de provisión (Ofertas de emprego, concursos...), e se non marcha máis persoal é por que non pode.

Despois de anos reclamando un novo sistema de produtividade por obxectivos, a Secretaria Xeral convocounos a unha reunión para falar de produtividade na que nos dou traslado dun incremento na partida para o persoal funcionario de máis de 700.000 € que repartirán segundo o acordado no Consello de Dirección, coas seguintes premisas:

- Presentaron un Plan xa acordado entre eles e sen ningún tipo de negociación, tal e como establece o TREBEP e como se fai no resto de organismos da AXE, así as gastan no INE.
- O plan elimina calquera criterio obxectivo existente ate o de agora e deixa o reparto ó libre albedrío do/a xestor/a Delegado/a de turno.
- Desaparece a produtividade de campo para o persoal C1 de estatística, a percepción de produtividade para este persoal dependerá unicamente da vontade dos/as Delegados/as Provinciais.
- Como non, incrementan as cantidades a percibir para o persoal funcionario con nivel 28 e superiores, meus probiños...

Para darlle aspecto de negociación, dixeron que as organizacións sindicais poderíamos enviar alegacións e conxuntamente presentamos unha proposta (achegamos con esta nota), que non lles debeu gustar moito por que no Grupo de Traballo do INE nin facían mención, cando preguntamos dixeron que a estudarían...

Das nosas propostas para a asignación de complementos para o persoal laboral, tampouco se sabe nada. Do acordo para que o persoal de Cambio de Réxime Xurídico manteña as mesmas funcións, o mesmo, da identificación dos postos para valorar o coñecemento do galego, que o seguen estudando (Van máis de catro anos no estudo), e así con todo.

Desde a CIG vamos a manter unha postura combativa, somos o único sindicato que nas mesas de negociación denuncia claramente o inmovilismo do INE, temos impugnado no xulgado o derradeiro concurso específico por non valorar o galego nos postos en Galiza e á volta do verán, se non vemos avances na negociación para a mellora das nosas condicións laborais propoñeremos outras actuacións.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota.